

ENTREVISTA A FERMÍN RICO, VETERINARIO DO CENTRO VETERINARIO MEIRA (MEIRA, LUGO)



## “Estase traballando máis en prevención, en manexo e en educación do persoal que coas vacas”

Tras máis de trinta anos dedicado á veterinaria e en especial á produción de leite, aproveitamos a nosa visita a SAT Casa Carballo para abordar con Fermín Rico, do Centro Veterinario Meira, a situación do sector de maneira máis xeralizada. Durante a nosa charla destacou a evolución do seu traballo cara á asesoría integral das explotacións, á prevención e á mellora do manexo colectivo en detrimento da curación individual dos animais.

### Como foi a evolución nestes anos do traballo dos veterinarios de campo?

Se resumimos moito a evolución, pasouse de intentar curar o individuo a intentar previr e curar o colectivo. Agora, mesmo se está traballando máis en prevención, en manexo e en educación do persoal que coas vacas.

A atención individualizada, á parte de prestarlle os cuidados que necesita, ás veces sérvenos como ventá de oportunidade para ver se o problema pode estar causado por un erro no manexo ou por algo que afecta ao colectivo. Neste senso, estase tendendo máis ao colectivo, sen desprezar o individuo.

Ademais, os veterinarios pasamos der ser clínicos a ser asesores integrais das explotacións e cústanos por momentos meternos neste novo traxe.

Tocounos esta transición e creo que as xeracións futuras de veterinarios van telo moito máis fácil, pois van asumir mellor ca nós este papel. A nós séguenos custando saber en que rol estamos en cada momento.

### Os gandeiros entenden a importancia desa prevención e de pagar por ela?

Si. Eu creo que a maior dificultade de calquera cambio é mental. En-

tón, a todos nos custa ás veces convencernos dos cambios, pero si que están moi concienciados, porque os gandeiros non queren ter animais enfermos. Os tratamentos supoñen un sobrecusto, un traballo extra, unha perda de produción... Prefiren ter menos produción que ter animais enfermos. É por iso polo que si están polo labor de previr e evitar este tipo de problemas.

### Como valora a evolución do sector en Galicia?

Déronse varias circunstancias para conseguir ser unha das rexións referentes en Europa.

Unha é que á xente de Galicia gústalle bastante o animais e é perseverante no seu coidado.

Despois, outro punto que influíu foi a administración coas axudas. Algunhas veces foron máis acertadas e outras menos, pero achegaron á evolución do sector.

Como terceiro punto, penso que os técnicos tivemos un papel moi importante, pola formación que fomos adquirindo. O método de explotación a nivel internacional foi trasladado ás explotacións de aquí e creo que lles axudou moito a mellorar.

Por último, outro asunto que acelerou a evolución do sector foi a crise de 2008. Ao haber unha situación de prezos baixos, a xente para sobrevivir tivo que ser máis eficiente, entón evolucionou máis rápido.

### Fala da formación dos técnicos. Que relevancia lle dá á formación tanto dos veterinarios como dos gandeiros?

A formación é o piar básico para a evolución de calquera sector. A nosa obriga é estar ao día nos avances e nas investigacións que fan os científicos para poder trasladarllelos aos nosos clientes e así mellorarlles e facilitarlles o traballo e a eficiencia. A min paréceme importantísima.

### Traballa nun equipo veterinario especializado en diferentes áreas. Que interese ten para a coordinación dos traballos pertencer a un mesmo grupo?

Para que as cousas vaian ben hai que remar todos no mesmo sentido. O de ser todos dun equipo non é imprescindible, pero eu penso que facilita a comunicación. ▶▶

Ás veces, a oportunidade de ver un caso permíteche facer un diagnóstico de rabaño. Entón, se calquera dos técnicos detecta un problema e considera que pode estar causado por un erro noutra área que non sexa da súa competencia, pode comunicarllo ao compañeiro que se encarga dela para axilizar a súa corrección. Isto aumenta a eficiencia.

**Non todas as explotacións son iguais. Deben adaptarse a producir o que demanda a industria en cada caso?**

Si, indubidablemente. O consumidor é o que manda. Se existe un tipo de produto en concreto, a industria vai llo repercutir ao produtor e o produtor ten que traballar nesa liña.

Eu creo que o sector leiteiro está bastante preparado para cumprir esa función, pois é un sector moi evolucionado, moi profesionalizado, que é capaz de adaptarse a calquera demanda do mercado.

Hai explotacións ás que lles é máis fácil adaptarse e a outras cústalles máis. Probablemente, nos próximos anos, a propia selección do sector fará que a porcentaxe de explotacións con capacidade de adaptación ás novas esixencias sexa moi alta. Agora mesmo hai moita xente que ten entre 50 e 60 anos, que non ten substitución xeracional, que economicamente tampouco ve factible facer unha mellora ou adaptarse a sistemas máis modernos e que está a esperar a xubilación.

**Na provincia de Lugo contan cun control leiteiro pioneiro. Á hora de facer o seu traballo na explotación, como valora os datos que lles proporciona este sistema?**

O control leiteiro, sobre todo aquí na provincia de Lugo, foi e é moi importante por facilitar os datos cuantitativos e cualitativos do leite.

Con vistas ao futuro, paréceme que, agora coa instalación de equipos de muxido especializados, moitas desas facetas van quedar resoltas coas propias máquinas. Van facer esa recollida de datos mesmo mellor que o control leiteiro, porque o control toma datos unha vez ao mes e a máquina rexístraos durante todos os muxidos, polo que van ser moito máis exactos.

Supoño que o control leiteiro para sobrevivir terá que evolucionar, como todos os sectores, e terá que dedicarse máis á interpretación deses datos e á mellora xenética.

**Como lles afecta a nova normativa relativa ao uso racional de antibióticos?**

Eu estou moi de acordo coa nova lexislación, penso que hai que reducir antibióticos polo ben de todos e paréceme que o futuro pasa por previr e por mellorar o manexo, para evitar que os animais enfermen. A mellor curación é que non enfermen.

Penso que non vai ser ningún problema, que vai ser mesmo unha esixencia que vai acelerar e favorecer a eficiencia das explotacións.

**Outro dos conceptos en auxe é o benestar animal. Que opina da diferenza de concepto entre o que percibe a sociedade e a realidade?**

Este é un tema moi controvertido e sempre se ve desde distintos puntos de vista.

Aos que estamos no sector parécenos que o benestar animal é bastante bo, que mellorou moito, que é mellovable e que segue evolucionando.

Desde o punto de vista da sociedade hai moitos creadores de opinión interesados que poden falar mal dos sistemas de produción. Estoume referindo, sobre todo, aos intensivos en favor dos extensivos e dos ecolóxicos, e iso son verdades a medias.

Aínda que o consumidor medio se decantase polo consumo de produtos ecolóxicos, non tería poder adquisitivo para afrontar a súa compra.

Penso que é un debate que está coxo, que non se di todo o que hai que dicir. Hai que partir da base de que a poboación mundial aumenta, incrementando a demanda de alimentos, e a superficie agrícola non pode aumentar en igual proporción.

Hai que intentar ser eficientes e a única forma de producir alimentos, sendo o máis respectuosos posible co medio ambiente, é a intensiva. Por exemplo, fálase ultimamente moito do metano e elimina moito menos metano unha vaca por litro de leite ou por unidade produtiva nun sistema intensivo que nun extensivo, moitísimo menos.

▶ “MOITOS CREADORES DE OPINIÓN NON DIN TODA A VERDADE E A POBOACIÓN É MOI DESCOÑECEDORA DE TODO ISTO”

Circulan moitas falsas verdades, hai moitos creadores de opinión que falan, pero que non din toda a verdade, que non centran a realidade do problema, e, por outro lado, a poboación é moi descoñecedora de todo isto.

Ao mellor debería darse información nas escolas sobre a produción e o consumo racional de alimentos, a través da cal se explicase todo o proceso produtivo, desde o nacemento do animal ata o seu sacrificio (se o produto final é a carne). Isto evitaría debates estériles sobre o trato dos animais.

**Como ve o sector veterinario do futuro? Hai traspaso xeracional nesta profesión?**

Como dicía antes, a profesión seguirá na liña de pasar de curar a previr e formar ao gandeiro.

Vai ser máis fácil traballar, porque vai haber menos urxencias, o esforzo vai estar máis centrado na prevención que na curación. Cando eu empecei a traballar, saíase todas as noites da semana a facer urxencias. Agora, a pesar de atender moitas máis vacas, sáese moitas menos, porque está o traballo moito máis normalizado.

En canto ao traspaso xeracional, eu penso que si, que vai haber, aínda que vivimos certas contradicións. Hai moito paro, moita oferta de man de obra e o que busca persoal non o encontra; entón, aí algo falla. Neste sector tamén pasa algo diso, nós, por exemplo, cando necesitamos incorporar algún veterinario, a selección é moi difícil, a pesar de que en España existen un montón de facultades de veterinaria e hai moitos veterinarios. Non sei exactamente a causa. ■